



GANDERÍA CARRO SL. MESÍA (A CORUÑA)



José Manuel Carro; as súas fillas, Alejandra, Cristina e Vanesa -co seu fillo Hugo-, e a súa muller, Flor

Cando o traballo deixa de ser obriga e se converte en pracer

Falar da familia Carro é falar de amantes da raza frisona e da gandería de vacún de leite. De sobra coñecidos no sector pola súa participación en concursos morfolóxicos, o seu presente baséase na optimización da produción dos seus animais a través da eficiencia alimentaria e do benestar.

Localización: Boado (Mesía)
N.º total de animais: 242
Vacas en muidura: 120
Empregados: 2
Media de produción actual: 37 litros vaca/día
Porcentaxe de graxa: 3,75 %
Porcentaxe de proteína: 3,25 %
RCS: 110.000 cél./ml
Bacterioloxía: < 10.000 ufc/ml
ICO: 2.306
Cualificación morfolóxica: 82,6
Superficie agrícola: 52 ha
IPP: 395 días
Taxa de preñez: 33 %
Prezo do leite: 0,29 €/kg + primas + IVE


Para visitar esta gandería hai que viaxar ata a parroquia de Boado, no concello coruñés de Mesía. Alí nos reciben José Manuel Carro; a súa muller, Flor Iglesias, e as súas fillas Vanesa, Alejandra e Cristina, que están ultimando os quefaceres da mañá para poder charlar un anaco con nós.

Os seus principios de traballo aséntanse en tres piares básicos: por un lado, a xenética e o benestar do rabaño e, por outro, a eficiencia alimentaria. Para iso resúltalles fundamental conseguir forraxes de calidade e en canti-

dade, malia ter unha superficie agrícola limitada para o número de cabezas actual: 120 vacas en lactación, 102 animais menores de 24 meses e, aquel día, 20 vacas secas.

A familia Carro está convencida de que para o negocio do leite a raza que mellor se adapta é a frisona. En canto ao sistema de produción, apostan polo intensivo dadas as súas circunstancias particulares e, tamén, debido ás esixencias do mercado.

Desde que na década dos setenta os pais de José Manuel introduciron ao país de primeiras frisonas –tres procedentes do Canadá e outras tres de Inglaterra–, moitas cousas cambiaron e evolucionaron: o paso do pastoreo ao intensivo, o traslado ás instalacións actuais, o incremento da calidade xenética dos animais, a volta á sala de muido despois da experiencia co robot, o desenvolvemento da xestión técnica e económica... Ao longo destes anos tiveron a oportunidade de aprender, de superarse e de mellorar, un pro-



Moxen nesta sala de 20 puntos en paralelo

ceso que continúa o seu curso xa coa terceira xeración –Vanesa, Alejandra e Cristina–, as cales, pese a non estar incorporadas de forma oficial, colaboran na explotación sempre que os seus respectivos empregos e estudos llelo permiten. A tempo completo traballan nela tres persoas: José Manuel e dous empregados, aínda que na actualidade un deles está de baixa.

DE SALA AO ROBOT E DO ROBOT Á SALA

No ano 2005 iniciaban unha nova etapa coa instalación dun robot de muxido. Pensaban que esta tecnoloxía lles simplificaría as tarefas, pero non foi así. “Tiñamos que dedicarlle moitísimas horas, pola noite había avarías e polo día tiñamos que estar continuamente arrimando vacas, sen poder facer ningunha outra cousa; entón, en canto puidemos, decidimos volver á sala”, explica José Manuel.

En 2015 estreaban unha nova sala de 20 puntos en paralelo e facían con tres muxidos ao día para incrementar a produción, pero, posteriormente, debido á baixa dun dos operarios, tiveron que volver aos dous e así seguen por agora.

A media de produción actual é de 37 litros por vaca e día, cun 3,75 % de graxa, un 3,25 % de proteína e un recuento celular de 110.000 cél./ml.

BENESTAR ANIMAL CERTIFICADO

Este verán dábase a coñecer publicamente a noticia de que Leche Pascual obtiña o certificado Aenor de Benestar Animal para as súas 348 granxas proveedoras de leite, entre as que se ato-



Interior do establo de produción

pa esta gandería. Este selo garante o cumprimento dos requisitos de benestar establecidos no referencial europeo Welfare Quality, que se agrupan en catro principios fundamentais: boa alimentación, bo aloxamento, bo estado de saúde e comportamento adecuado para as necesidades da especie.

“Para nós este certificado é algo que che demostra que estás facendo ben as cousas no tema de benestar. Desde o punto de vista económico de momento non nos repercute en nada, pero se a empresa é capaz de vender máis leite por este motivo, mellor, así nós non teremos que andar como andamos estes últimos anos, que non podíamos producir porque non había onde vender”, reflexiona José Manuel.

No contrato anual que teñen asinado con Pascual establécese un prezo base de 0,29 €/kg máis primas. Reciben 40 €/t por décima de graxa, outros 40 €/t por décima de proteína e 12 €/t por volume de entrega (neste apartado inclúese a dobre A: menos de 200.000 cél./ml e menos de 15.000 ufc/ml). A maiores está a certificación de calidade e seguridade alimentaria propia da empresa, pola que obteñen 0,90 céntimos en litro. ▶

EASY-COVERING NAVES GANADERAS Y ALMACENES

- Ahorro de hasta un 90% en cimentación
- Menor estrés térmico



- Gran aislamiento y luminosidad
- Ventilaciones automáticas
- Mejores condiciones internas



NUEVO DISTRIBUIDOR EN ANDALUCIA



Polígono Industrial de Somonte
C/Mª Glez "La Pondala" Nº 41
CP 33393 Gijón Asturias
Tfn: + 34 985 303 752
Info@easy-covering.com

www.easy-covering.com

As vacas de leite comen 23 kg de materia seca e a eficiencia alimentaria é de 1,59



► JOSÉ MANUEL: “PARA NÓS ESTE CERTIFICADO É ALGO QUE CHE DEMOSTRA QUE ESTÁS FACENDO BEN AS COUSAS NO TEMA DE BENESTAR ANIMAL”

ATENCIÓN Á EFICIENCIA ALIMENTARIA

Hai preto de dous anos tiveron un grave problema de mamite causado pola bacteria *Prototheca spp.*, que lles causou moitas baixas no rabaño e importantes descensos na produción. Desde aquela enfocáronse cara á potenciación da inmunidade mediante a subministración de altos niveis de vitaminas tanto ás vacas secas coma ás de leite: “Empregamos correctores que teñen moita vitamina E e moito selenio, minerais quelados sempre, que son máis eficientes, xa que nós miramos moito a eficiencia alimentaria, é dicir, a relación entre os quilos de materia seca inxeridos e os quilos de leite entrega-

dos, corrixidos a un 3,5 % de graxa e a un 3,2 % de proteína”, explica Vanesa. A pesar de que fan o carro dúas veces ao día para que a ración lles resulte máis apetecible, non son capaces de que as vacas coman máis de 23 kg de materia seca, o cal lle achacan á falta de espazo, xa que non teñen cornadizas para todas. Con todo, a eficiencia alimentaria sitúase en 1,59 no que vai de 2018.

Outro índice ao que lle prestan moita atención é o IOFC –en español ISGA–, que compara os ingresos sobre os gastos de alimentación. “O ideal é estar entre un 40 e un 60 % e nós estamos nun 57 %”, di.

Na gandería Carro elaboran tres racións *unifeed* diferentes: a de vacas de produción, a de secas e a de xovencas.

A de produción leva 35 kg de silo de millo, 4 kg de alfalfa, 9 kg de bagazo de cervexa, 2 kg de fariña de millo, 2,5 kg de soia e 1,5 kg de núcleo. “O núcleo é o que leva os correctores e os minerais porque, ao traballar con materias primas e non con concentrado feito, hai que metelos á parte”, aclara Vanesa. O custo desta ración é de 4,60 €/día.

A das xovencas a partir dos 8 meses leva 9 kg de silo de millo, 4 kg de palla, 4 kg de bagazo, 1,5 kg de soia e 100 gramos de corrector, e o seu custo ascende a 1,30 €/día.

A ración das secas inclúe 8,5 kg de silo de millo, 6,5 kg de palla, 5 kg de bagazo, 1 kg de soia e 300 gramos de corrector. Neste caso, o seu custo é de 1,80 €/día.

O seu cultivo principal é o millo. Dedicán 40 hectáreas á produción deste cereal forraxeiro e obteñen entre 50 e 70 t/ha. En cambio, a produción de herba non lles chega para todo o ano para as vacas de leite –teñen 10 ha con raigrás inglés permanente– e, a fin de evitar cambiarlles a ración cada temporada, optan por mercar alfalfa.

Eles mesmos se encargan das tarefas agrícolas, excepto da campaña de ensilaxe do millo, que lle contratan a unha empresa externa. Case toda a maquinaria a teñen en sociedade con outros dous gandeiros da aldea, cos que tamén se axudan mutuamente para a realización destes labores. ►

As xatas ata os 10 meses están en cama quente de palla



No estable de produción limpan con arrobadeira arrastrada automática

ORGANIZACIÓN DO GANDO E BENESTAR

No estable de produción, que data de 1995, teñen 115 cubículos e 82 cornadizas que, como dicíamos antes, lles resultan insuficientes para o actual número de animais.

Noutro estable aloxan as secas e a recría. Para as becerras ata os 10-12 meses teñen cama quente de palla. A partir desa época pasan a unha zona de estabulación libre con cubículos. Permanecen no lote de inseminar ata que lles diagnostican a preñez e logo pasan ao de preñadas ata os sete meses, momento no que se xuntan coas secas.

Para os cubículos optan por cama de area, que consideran un sistema barato e óptimo para a saúde do ubre. En cambio, recoñecen que ocasiona problemas de sedimentación na fosa, que desgasta moito as arrobadeiras e que vai supoñer un problema futuro para os campos. Límpanas varias veces ao día e énchenas todos os martes.

Debido ao brote de *Prototheca spp.* que sufriron hai dous anos, aínda non se atreveron a implantar o secado selectivo, pero aseguran que os antimaméticos son uns dos poucos antibióticos que usan por sistema, xa que coa potenciación da inmunidade a través da alimentación evitan moitos problemas tanto no posparto como de reprodución.

Para contrarrestar as altas temperaturas e a humidade relativa teñen instalados varios ventiladores con auga na nave e na sala de espera, que se activan automaticamente cando é preciso. Tamén dispoñen dun sistema de aspersión de auga enriba das cornadizas, que accionan de forma manual cando os ventiladores se poñen en funcionamento ou incluso antes.

Ademais, na nave de produción tiraron varias filas de bloques, que substituíron por redes que soben e baixan para mellorar a aireación do seu interior.

► ENFOCÁRONSE CARA Á POTENCIACIÓN DA INMUNIDADE DOS ANIMAIS MEDIANTE A SUBMINISTRACIÓN DE ALTOS NIVEIS DE VITAMINAS

MANEXO E ALIMENTACIÓN DA RECRÍA

A subministración do calostro no menor tempo posible, coa temperatura adecuada e sen contaminar é outro dos aspectos que máis coidan nesta explotación. Non son moi partidarios da sonda, pero se na primeira toma os animais non son capaces de mamar un mínimo de dous litros si que a empregan.

Durante os catro primeiros días reciben leite da nai e logo doutras vacas. Este leite é arrefriado nun tanque intermedio e, para dállelo, quéntano cunha resistencia a 42 °C.

Desde a primeira semana ata os 30-45 días proporcionanlles catro litros á mañá e catro á tarde. A partir de aí, algo antes ou algo despois en función do peso, empézanolle a rebaixar progresivamente ata a desteta. “Estamos metidos nun programa de pesadas; entón, cando chegan aos 90 quilos de peso e aos dous quilos de consumo de penso retirámoslles o leite”, explica Vanesa. “A ganancia media diaria das xatas é de 800 gramos e a media de días á desteta, de 62. Tamén as medimos todas desde que nacen ata 15 días despois do parto”, engade.

O penso téñeno a discreción desde o terceiro día de vida e a palla introdúcenllela despois da desteta. Niso consiste a súa alimentación ata os seis meses, que pasan a comer do carro das vacas de leite, e con oito empezan a consumir a súa propia ración *unifeed*.

En canto á organización, ata a desteta permanecen en boxes individuais a carón da nave da recría. Logo vanse agrupando en diferentes lotes en función do tamaño ata que con dez meses os trasladan ao lote de inseminar. Cómpre destacar que o estable ten saída a unha zona de terra onde poden estirar as patas. ►

► VANESA: “NON VALE DE NADA TER 15.000 LITROS DE MEDIA SE TES QUE METER 15 QUILOS DE PENSO, XA QUE O QUE CHE DEIXA OS CARTOS SON A EFICIENCIA E AS CALIDADES”

PRINCIPAIS DATOS REPRODUTIVOS

A día de hoxe están destinando toda a recría a repoñer as baixas do rabaño, pois aínda se están recuperando do brote de mamite de 2016. Noutras épocas si que teñen vendido animais con certa regularidade, habitualmente xovencas paridas, incluso nalgũa ocasión participaron na poxa de Boimorto.

A elevada taxa de reposición dos anos 2016 e 2017 fixo que empezasen a usar seme sexado, que agora empregan de forma habitual tanto en xovencas como en vacas ata a segunda cubrición.

A taxa de detección de celos é do 67 %. “Desde que traballamos con niveis altos de vitaminas nas secas, o primeiro celo véselles antes e mellor. A partir de aí ímolas vixiando cada tres semanas e inseminamos a celo visto; non adoitamos usar prostaglandinas nin sincronizar nada”, manifesta Vanesa.

Pero non sempre foi así. Antes sincronizaban case por rutina e facíanlles a primeira inseminación aos 55 días despois do parto; agora, dado que perdían produción nas xovencas, decidiron alongar o período de espera voluntario (xa se incrementou ata os 68 días e prevén que aumente aínda máis). “Ao inseminar tan cedo chegaban ao momento do secado con 37, con 40 litros... e por iso tomamos a decisión”, di. Ademais, os datos dos primeiros seis meses de 2018 reflicten que, ao aumentarlles os días de espera, as vacas preñan mellor; un 47 % faino á primeira inseminación.



A media de días á desteta é de 62



Estas dúas xatas competirán no concurso nacional a finais de setembro

No último ano a porcentaxe de vacas preñadas foi do 58 % e o intervalo medio entre partos, de 395 días. A taxa de preñez sitúase no 33 %.

Ás xovencas practícanlles a primeira inseminación cando superan os 400 kg de peso, nunca antes, o que se vén producindo arredor dos 13 meses. Así, a idade media ao primeiro parto sitúase nos 23. A media de inseminacións por preñez é de 1,83 nas vacas e de 1,48 nas xovencas.

Co implante de embrións non tiveron moita sorte e levan xa tres anos sen comprar. Non obstante, si que adoitan facer algún *flushing* en vacas da casa, de feito este ano xa fixeron dous, que é o tope que teñen establecido. Dunha sacaron seis embrións, colocáronos todos e empreñaron catro. Da outra sacaron nove, catro foron para a ganadería Rey de Miñotelo –a femia da

que proceden foi comprada a medias nunha poxa– e os outros cinco colocáronos en vacas do seu rabaño, con seguindo catro preñeces.

XENÉTICA

O gusto da familia Carro polos animais de concurso fai que aposten sempre polo tipo. Vanesa é a encargada de seleccionar os touros e na súa escolla di que non prima o ICO nin as calidades nin a produción: “En contadas ocasións podo usar algún exemplar destacado con moito ICO, pero poden ser dez doses ao ano; o 70 % das vacas son fillas de touros de tipo”. Cabe destacar que están xenotipando algunhas xatas, pero só para coñecer o seu índice de tipo. ►►



As irmás Carro e o cativo da familia xunto a Casa-Nova Sony McCutchen 1019, gran campiona de xovencas nacional 2015 e 2016

Non seleccionan por ICO; en cambio, teñen unha boa eficiencia alimentaria, aínda que Vanesa reconece que “nos touros de tipo é moi difícil de encontrar”.

Porén, ela ten claras as súas preferencias: “Un ten que vir traballar contento e que che gusten os animais que tes no establo. Se unha vaca dá 70 litros, pero ao ubre lle fai boa falta, é gorda, fea e redonda, non nos gusta, e hai anos xa que nos demos conta de que nunca máis produción é máis rendibilidade. Non vale de nada ter 15.000 litros de media se tes que meter 15 quilos de penso, xa que o que che deixa os cartos son a eficiencia e as calidades; por iso traballamos con aditivos na ración que nos axudan a conseguilas; e non temos altas producións, pero é que a inxestión de materia seca tamén é reducida”.

Empregan unha gran cantidade de sementais. “Agora mesmo pode haber no tanque doses de 20 touros distintos, traballamos sempre así”. As empresas de seme propoñenlles acoplamentos e Vanesa tenos en conta polo tema da consanguinidade, pero logo decide se os segue ou non.

ENTUSIASMO POLOS CONCURSOS

A pesar de que estas competicións non lles supoñen ningún beneficio máis alá do desfrute persoal e dos recoñecementos que poidan obter pola calidade dos seus exemplares, asegura José Manuel que participar en concursos morfolóxicos “é a segunda gratificación que recibe un gandeiro de frisón despois do ingreso que che fai a central leiteira a fin de mes”. “A motivación é ir vendo que vas na boa dirección cando elixes os touros e mais as femias para facer familias. É case como unha certificación nese sentido”, admite. “Un vai por superarse, por intentar ter mellores animais e porque, canto mellor o fagas, mellor vai ser para ti”, engade Vanesa.

Preparar animais para competir en concursos cada vez máis profesionalizados require un esforzo que comeza moitos meses antes de saír á pista.

Despois da desteta, Vanesa, Alejandra e Cristina elixen as xatas que máis lles gustan e apártanas do resto. “Separáanse desde moi pequenas porque desde que proban o carro logo cústanos moito adelgazalas”, conta Vanesa.

En realidade, estes animais teñen unha alimentación totalmente distinta á do resto. As becerras unicamente comen palla longa a discreción e 2 kg de penso ao día repartidos entre a mañá e a tarde. Ás vacas danlles 5 kg de ración *unifeed*, 12 kg de penso e unha mestura de aveia e alfalfa longa a discreción.

► VANESA: “UN TEN QUE VIR TRABALLAR CONTENTO E QUE CHE GUSTEN OS ANIMAIS QUE TES NO ESTABLO”

O proceso de doma comeza co tractor e logo, cando xa están máis acostumadas, é Cristina quen as pasea á man para lograr esa relación de complicidade entre manexadora e animal a fin de que os resultados na pista sexan os esperados. Tamén é ela a encargada de lavalas e pelalas unha vez á semana, ou incluso máis veces a medida que se achega o encontro.

A próxima cita é o concurso nacional, que se celebrará a finais de setembro en Xixón e no que participarán con dúas becerras e dúas vacas. Posteriormente, en novembro, terá lugar unha nova edición do rexional galego, para o que xa teñen separados dez exemplares.

En breve saberemos os resultados de ambos os certames. O que si xa sabemos é que ganas, ilusión e agarimo polos seus animais non lles van faltar, así que desde a redacción de *Vaca Pinta* só nos resta desexarlles moita sorte.

O FUTURO DA GANDERÍA

Non hai dúbida de que as irmás Carro son unhas apaixonadas da gandería de leite. As tres recoñecen que lles gustaría darlle continuidade á explotación familiar, pero de momento prefiren buscar a vida fóra, xa que consideran que é a única maneira de formarse e aprender.

Vanesa e Alejandra xa remataron as súas carreiras e ambas teñen empregos relacionados coa súa formación; Cristina está estudando Enxeñería Agrícola e despois quere seguir os pasos das súas irmás maiores.

Do que si están convencidas as tres é de que a granxa ten que manterse viva. Así o reitera Vanesa: “Non sei se comigo, con Cris, con Ale ou coas tres, pero teño claro que isto vai seguir. Aínda que teñamos outra ocupación fóra, intentaremos buscar a alguén que traballe aquí, aínda que nós veñamos apoiar, igual que o facemos agora”.

A súa ilusión é facer un establo de produción novo para poder aumentar algo máis o rabaño e, sobre todo, que as vacas estean máis cómodas. Oxalá o futuro lles permita facer realidade os seus soños e que as xeracións vindeiras da familia Carro sigan sendo gandeiras. ■